

Xavier Varela Barreiro (2015): “Achegas recentes á cronoloxía do alomorfo nasal do clítico CD de 3ª persoa”, en Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 213-224.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Instituto da Lingua Galega

# En memoria de tanto miragre

ESTUDOS DEDICADOS Ó PROFESOR DAVID MACKENZIE

Edición ó coidado de  
Francisco Dubert García  
Gabriel Rei-Doval  
Xulio Sousa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**En memoria de tanto miragre**

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

**EN MEMORIA DE TANTO MIRAGRE**  
**Estudos dedicados ó profesor**  
**David Mackenzie**

**Edición ó coidado de**  
**FRANCISCO DUBERT GARCÍA**  
**GABRIEL REI-DOVAL**  
**XULIO SOUSA**

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre : estudos dedicados ó profesor David Mackenzie / edición ó coidado de Francisco Dubert García, Gabriel Rei-Doval, Xulio Sousa. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015. – 261 p. ; 24 cm.

Precede ó tít.: Instituto da Lingua Galega

D.L. C 1193-2015. – ISBN: 978-84-16183-96-8

1. Mackenzie, David – Crítica e interpretación. 2. Galego (Lingua). 3. Galego-portugués (Lingua)— Antes de 1500. 4. Literatura galega. 5. Literatura española. 6. Lingüística histórica iberorrománica. I. Dubert García, Francisco, ed. lit. II. Rei-Doval, Gabriel, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. V. Instituto da Lingua Galega

801 Mackenzie, David

806.99

806.90/99 "04/14"

869.9

Este libro publícase coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) ó grupo de investigación *Filoloxía e lingüística galega* (GI-1743), da Universidade de Santiago de Compostela.

©Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño de cuberta**

Raquel Vila Amado

**Maquetación**

Raquel Vila Amado

**Imprime**

Imprenta Universitaria  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela

**Edita**

Servizo de Publicacións  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
usc.es/publicacions

Dep. Legal C 1193-2015

ISBN 978-84-16183-96-8

## Achegas recentes á cronoloxía do alomorfo nasal do clítico CD de 3ª persoa

XAVIER VARELA BARREIRO

Universidade de Santiago de Compostela - Instituto da Lingua Galega

Na esfera da cronoloxía dos cambios lingüísticos, o achado de novos textos antigos representa normalmente para a lingua galega unha oportunidade, moi esperada, de descubrir novas voces, novas acepcións, novos rexistros máis recuados delas, mais son contadas as ocasións nas que, na actualidade, saen da escuridade datos que modifican substancialmente o marco cronolóxico xeral do desenvolvemento dunha mudanza lingüística de longo percorrido temporal e de proxección diatópica complexa. De haber almoedas filolóxicas, sería este o tipo de datos polos que se ofrecerían as sumas máis elevadas. Canto non estarían dispostos a ofrecer os historiadores da lingua por evidencias da existencia da gheada no período medieval, por falar dun cambio emblemático?

Un caso que merece atención neste sentido é, no ámbito da morfoloxía histórica, o da alomorfía nasal do clítico CD de 3ª persoa en contexto verbal posditongal: *colleuno*, *leveinas*, *serviunas*, *douna*, *foino*. É unha variante recollida na lingua padrón e asemade representada na maior parte do territorio, facendo excepción de: (a) unha área continua integrada pola zona galega de Asturias e a franxa territorial luguesa contigua, os Ancares de León e o Bierzo, onde se conserva a forma primitiva, con mantemento da lateral despois da aférese de ILLUM: *colleulo*, *leveilas*, *serviulas*, *doula*, *foilo*;<sup>1</sup> (b) dúas áreas, unha ao leste que comprende todo o galego oriental ao sur da zona de (a) e outra occidental, descontínua, que se sitúa ao norte no occidente fisterrán da Coruña e ao sur no terzo meridional de Pontevedra e na Limia Baixa (Ourense):

---

1 Con outras variantes que se poden ver na figura 1.




FIG. I. ALGA 2, MAPA 174 (DEIXOUNO). AS ISOGLOSAS SON ACHEGA NOSA

No corpus da produción investigadora na gramática histórica da lingua galega é unánime a consideración da emerxencia desta alomorfa como unha mudanza producida no período posmedieval. Pódese comprobar en tres das referencias bibliográficas inescusables para este cambio lingüístico. R. Álvarez (1980), condicionada sen dúbida polo escaso desenvolvemento na altura dos estudos filolóxicos galegos, afirma que «a situación actual difire considerablemente da que se aprecia nos textos medievais, que presentan o resultado etimolóxico. O pronome *no* é moderno, e a súa orixe non está clara» (I, p. 133). Nunha liña de continuidade plenamente xustificada pola ausencia, no entanto, de novas descubertas nos textos antigos, M. Ferreiro (1995) confirma que no «galego moderno aparecen os mesmos alomorfes despois de forma verbal acabada en ditongo (decrecente) *-ai, -ei, -ou, -eu, -iu.*» (p. 247). Máis recentemente, R. Mariño (2003) non se desmarca desta postura, aínda que menciona a dificultade que comporta o establecemento da cronoloxía deste cambio: «non estamos en condicións de descendermos a moitos detalles sobre a cronoloxía do cambio e sobre os distintos pasos a través dos cales puido verificarse.» (p. 116).

A unanimidade no xuízo non evitou que aparecesen dúbidas, se postulasen interrogantes e se manifestase estrañeza por non poder ir máis atrás no rastro cronolóxico dun cambio que, como veremos, deixara xa ampla pegada na Galiza da primeira metade da Idade Moderna. Se para a gheada, cuxos primeiros teste-

muños non remontan máis atrás de 1697 (o *prolojos* do romance galego de Juan Correa Mendoza y Sotomayor nas *Festas Minervais* [véxase Mariño 2003: 61]), non se descarta a posibilidade de atopar testemuños medievais, en maior medida non se debe descartar, e polo tanto cómpre intentalo, o achado de evidencias medievais do alomorfo nasal do clítico, unha forma que, como veremos, está rexistrada no primeiro terzo do século XVII; é dicir, 70 anos antes do primeiro rexistro da gheada. Esta foi e é, en xeral, a actitude vixilante mantida ante a descuberta de obras antigas. E aínda que o habitual é que estes achados non muden o estado do coñecemento, no caso da obra que deu pé a este breve traballo saltou a sorpresa e produciuse, de certo, unha mudanza que altera de forma significativa o estado da cuestión. A obra rescatada, recentemente, é o *Cancioneiro de Afonso Pérez*,<sup>2</sup> do que é editor Henrique Monteagudo (2013).

Presentarei a continuación un cadro descritivo do estado da cuestión anterior á aparición do citado *Cancioneiro*, un intento recente, pola miña parte e fracasado, de achega de evidencias medievais deste alomorfo tiradas do TMILG e, finalmente, a que hoxe é a súa atestación máis antiga: o *seyñas* do último verso do poema XXIII do *Cancioneiro* de Afonso Pérez.

## Estado da cuestión previo

Tocante á cronoloxía, os primeiros rexistros deste alomorfo *-no(s)*, *-na(s)* en textos galegos non remontaban, hai poucos meses, máis alá de século XVII. Do máis antigo dá noticia J.A. Souto (1996: 429) na súa edición da *História de dom Servando* (1625-1635):

En la era de LXXIII, Pilato foe tollido de todo o que tin, e **botouno** da terra de Judea o ñperador Tiberio e mado-lo ir a Leõ de Frãcia sobre do rrio Rodano donde era nacido, qye hy morase, e avergõçado e mezquino. (27: 12).

Souto refírese a el dicindo que «talvez seja a mais antiga ocorrência deste alomorfe» (p. 429) e que «permite afirmar que em inícios do XVII já se podia registrar, ao menos, precedida de *-ou* no noroeste ourensano» (*ibidem*). Tamén se fai eco da súa presenza noutra obra de finais do mesmo século, as *Festa Minervais*

2 Aínda que no título da obra editada figure «Afonso Paez», prefiro citalo como «Afonso Perez» por ser *Perez* e non *Paez* o apelido do poeta no manuscrito, como oportuna, pública e reiteradamente afirmou o seu editor recentemente.



(1697), na que comparece un *Arrolouno* nunha composición poética de Joseph Gil Taboada,<sup>3</sup> que cito pola edición, aínda inédita, de R. Mariño (1995):

Dou à Fonseca Santiago | Vida, Fonseca à honrou: | Que è mais à honra que  
a vida | O dixo hasta Ciceyron. || **Arrolouno** essa Ciudà, | Mais Fonseca à  
libertou. | Pudo outra arrolalo? Si, | Outro libertala? Non. (40: 53) [Mariño:  
CIGM].

Por súa vez, R. Mariño (2003: 114-115) amplía esta escasa representación cunha nova atestación dos mesmos autor e obra (Joseph Gil Taboada: *Romanze gallego*), na que evoca a prominencia de Afonso III de Fonseca como fundador da Universidade de Santiago:

Prantouille à Vniversidade, | Que è pasmo da mesma ciencia, | **Librouna** con  
paso franco | De rigurosas gavelas. || Fundou Colejos insignes | A donde ar-  
dentes centellas | Luzen, alumbrando ò mundo | Co ardor da suas letras. (40:  
66) [Mariño: CIGM].

Xa neste século xvii o asentamento territorial desta innovación alomórfica alcanzaba terras ourensás, como defende Souto baseándose na procedencia do autor da *História de dom Servando*, e tamén compostelás, nas que naceu e se criou o futuro franciscano Joseph Gil Taboada, do que ofrece un resumo biográfico María Rosa Saurín de la Iglesia (2007):

Fr. Joseph Antonio Gil Taboada, en 1684 novicio en San Francisco de Santiago y luego Lector de Artes en San Francisco de Salamanca. En 15.VIII.1708 era Lector de Teología en San Lorenzo de Trasoutos de Santiago. Su fama literaria, confirmada por diferentes obras publicadas e inéditas, se conserva hoy por sus poesías en gallego en las Fiestas Minervales de 1697 de la Universidad compostelana en honor de Fonseca. Murió en Salamanca el 26.IV.1716. (p. 385).

No curso do século xviii non se ten constancia deste alomorfo nas obras conservadas, o que de xeito ningún debemos interpretar como unha súa presenza escasa e menos como indicio da súa ausencia. R. Mariño (2003), con quen concordo plenamente, atribúe a ausencia deste alomorfo en Sarmiento e Sobreira a que estes frades ilustrados «non prestaron realmente moita atención a este aspecto morfolóxico e que a información que podemos extraer das súas obras non debe de cubrir máis ca un fragmento da realidade lingüística da súa época no relativo

3 «Lector de Artes en el Conuento de San Francisco de Salamanca. Llegò fuera de el termino de el Certamen, y por esso no se premiò en el lugar que merecia», di a rúbrica atributiva que introduce este «Romanze gallego».

a esta cuestión do paradigma de pronomes átonos» (p. 115). Nos autores do Pre-rrexurdimento, parcialmente contemporáneos deles nalgunha fase da súa vida e nados nas mesmas terras e tamén noutras, o alomorfo nasal neste contexto pos-ditongal xa é amplamente maioritario, case único, e a isto hai que engadir, como confirmación indirecta e novamente con R. Mariño, que «na *Gramática gallega* de 1868, Saco Arce presentaba esta última solución como ‘obrigatoria’» (*ibidem*). A partir do Rexurdimento converteuse en forma case exclusiva no galego escrito e, por ser tamén a forma de maior extensión territorial, foi escollida para o estándar, en detrimento doutras variantes diatópicas como *o, lo, ol, l...* (*deixouo, deixoulo, deixouol, deixoul...*).

Á hora de facer balance do estado no que estaba ata hai ben pouco (cfr. *supra*) a información histórica relativa á cronoloxía desta variante alomórfica do clítico CD P3, hai que dicir que seguía vixente entre os especialistas a idea da súa ausencia por escrito en galego na Idade Media, envolta, iso si, nunha atmosfera de certa incredulidade e sospeita baseadas na rápida aparición de exemplos na Idade Moderna (comezos do XVII) nun corpus tan exíguo e cronoloxicamente próximo como o dos textos do galego medio, sen haber constancia, como sería esperable nun cambio lingüístico de amplo alcance como este, de ningún precedente anterior. Mais en contra da sospeita xogaba, como dificultade insalvable, o gran volume de textos medievais conservados, carentes de rexistros, e a remota posibilidade de que nunha masa tan grande e diversa de textos –tipolóxica e cronoloxicamente– esta ausencia puidese deberse ao acaso.

## Un intento de achega fracasado

A estrañeza producida pola ausencia de precedentes, nin sequera tardomedievais, dun fenómeno do que temos constancia no século XVII nun vasto territorio de Galiza levoume a revisar minuciosamente as obras galegas medievais, compiladas no corpus TMILG, e despois de case perder a esperanza, pois non atopara rastro en ningunha delas, presentáronseme, inesperadamente, tres exemplos en documentos dos séculos XIII (1) e XIV (2) redactados en San Clodio de Leiro (Ourense) (1289), Vilamaior-Mondoñedo (Lugo) (1317) e San Pedro de Rocas (Esgos-Ourense) (1374). O achado, que acabaría non o sendo, como explicarei a seguir, abría amplamente o territorio cara ao norte pola franxa oriental e adiantaba 400 anos a primeira documentación, 300 se nos referimos á área xeográfica engadida (Mondoñedo). Ao tempo que deveu a sorpresa naceu en min a desconfianza, pois estes novos

achados procedían de textos notariais e facíase imprescindible a operación, tantas veces repetida entre filólogos, de facer verificación, se for posible, sobre os manuscritos. Tiven moita sorte ao facela, pois abríronseme moi amablemente as portas dos arquivos das catedrais de Mondoñedo e de Ourense, nos que se custodian os documentos en foco. E non podía aspirar a máis: xunto con Ramón Mariño, que me acompañou a Mondoñedo e a Ourense en dúas xornadas inesquecibles, tiven o privilexio de que don Enrique Cal Pardo, arquivado da Catedral de Mondoñedo, nos lese de corrido e sen lentes o documento que buscabamos; e en Ourense tivemos a debida réplica, non do arquivado, ausente aquel día, senón de María Belén Pumar Diéguez, colaboradora no proceso de catalogación do ACO. Buscamos confirmar un *deuno* en Mondoñedo e uns *douno* e *reçebeunas* en Ourense. Mais o resultado non foi o esperado, en ningún dos dous arquivos. *Deunos* era realmente *deuo*, *douno* era *douo* e *reçebeunas* era *reçebeuas*. Á hora de pasar á letra impresa as transcrisións dos editores (o propio don Enrique Cal Pardo para Mondoñedo, Manuel Lucas / Pedro Lucas para San Clodio de Leiro e, no caso do documento de San Pedro de Rocas, o tamén arquivado da catedral de Ourense, don Emilio Duro Peña) sufriron o ataque de dona Gralla e deixaron na letra impresa unha semente de esperanza cega. Mais o esforzo non foi baldeiro, pois nas bases textuais do *Xelmírez* xa hai tres erros menos, corrixidos arestora deste xeito:

- 1289: conuen a saber, mille et [...soldos]da moneda branca, que fazen dous dineiros por soldo, os quaes eu ago en meu iur et en meu poder; et se ese [herdamento] may ual caesto, (**douno** > **douo**) por mia alma et pola de meu padre sobredito o moesteiro sobredito por moytos bees que [...] (Lucas Álvarez, Manuel / Pedro Lucas Domínguez (eds.) (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada / A Coruña: Edición do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos), doc. 231, p. 413) (TMILG).

- 1317: Outrosy uos dou o medo daquel agro que disen do Sabugo que ias cabo da uossa torre de Goyamon (?) commo se departe da fonte o qual foy de Pay Caualo et deu del o otro medo a Fernan Coruelle et Fernan Coruelle (**deuno** > **deuo**) a uos o dito sennor obispo et asy he fan uosso todo o dito agro. (Cal Pardo, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, doc. 81, p. 115) (TMILG).

- 1374: Sabeam quantos esta carta virem como nos [don Vaasco Rodrí]guez, prior do moesteiro de San Pedro de Rocas, e oo convento desse meesmo lugar, damos a foro a vos Garçía Pérez, e aa çinquo voces apús vos, quaes nomeardes, et se as non nomeardes, quaes de dereito ouveren derdar os vossos bees, hua voz

en pus outra, convén a saber, seis leiras de vina con sua erdade, das quaes jazen ende as çinco en termio de Quintayro, freygesía de Santa Marta de Belle, e foron de fillos de Johan Fortio, et (**reçebeunas > reçebeuas**) o dito moesteiro por as maas paranças; (Duro Peña, Emilio (ed.) (1972): *El Monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», doc. 114, p. 214) (TMLG).

O desencanto non foi profundo, pois, en realidade, o desenlace era previsible. De insólito cabía cualificar o brusco salto cronolóxico cara a atrás de 400 anos, e non podiamos esquecer que exemplos tan recuados deberían de mostrar coincidencia estrutural cos que ata daquela eran considerados os primeiros –presentaren o alomorfo nasal despois de ditongo *-ou-* e, sendo en dous dos casos formas verbais con desinencia *-eu*, deberiamos ser extremadamente cautelosos. E certamente fómolo, pois desistimos de tomalos en consideración á espera de termos a seguridade de eles seren certos. En poucos meses tivemos a oportunidade de contar con esa evidencia tanto tempo esperada.

## Unha achega definitiva

O que aclarou definitivamente o panorama e confirmou as sospeitas antes expresadas de que o alomorfo nasal tiña que existir xa na Idade Media foi a descuberta e publicación do cancionero do poeta postrobadoresco galego Afonso Pérez,<sup>4</sup> dada ao prelo por Henrique Monteagudo en 2013. Moi por riba dalgunhas novidades de tipo léxico, o dato máis relevante desta obra no terreo da evolución dos sistemas gramaticais é, na miña opinión, a presenza nela do primeiro rexistro, agora si verificado e facilmente comprobable, do alomorfo do que aquí nos ocupamos. Creo que Monteagudo non foi consciente da importancia do achado, pois así como destaca –non sempre con acerto– algunhas formas por seren para o galego as «atestacións máis antigas seguras ou case seguras no noso cancionero» (p. 156), non indica que este *seynas* si é o primeiro rexistro do alomorfo nasal e refírese a el simplemente como «unha innovación típica do galego». Confeso que, en boa medida, concibín este traballo como unha maneira de presentar e difundir unha novidade que considero importante e que merece tanta difusión for posible, co fin de evitar que, por pasar inadvertida, poida seguir campando a idea de que non existen atestacións medievais deste alomorfo nasal.

4 A atribución autorial realizada por Monteagudo en favor deste poeta e non de Joan García, o outro participante na dialéctica literaria da que forma parte o poema, non estando exenta de incertezas, é a máis plausible. Véxase Monteagudo (2013: 52-53).

Presentarei o exemplo antes de me estender nalgunhas consideracións ás que me levaron as coordenadas xeográficas e cronolóxicas de produción da obra na que aparece, o contexto ditongal concreto no que figura o clítico e, en moita menor medida, o encaixe que se lle debe dar a esta primeira documentación no modelo explicativo da evolución xeral do conxunto das alomorfas deste clítico:

Afonso, amigo, convenme dezer | o que se me entende, de corazón puro, | e segund me parece, de claro escuro | se querra tornar todo teu ser. || Que segundo que te ora vejo pedir | consello en esto de que ás sabor, | parésceme que queres ser sofredor de coytas estrañas, desy morir. || E grande ataude e forte moymento | querras, amigo, cobrar por aquela | que é alta e forte ben como estrela, | que ja doutra tal ten o estormento | e omes enno poder seu, eu **seynos** de cento. (composición XXIII, p. 153)

Como paso previo e co propósito de fixar ben o texto, permítome facer agora un inciso –que considero imprescindible– para propoñer algunhas correccións nos dous últimos versos, onde figura a forma en cuestión. No manuscrito presentan cadanseu borrón e isto fai dificultosa a interpretación do texto poético. Antes de nada quero deixar constancia dun erro na copia da forma clítica en foco.<sup>5</sup> O que transmite o manuscrito é *seynas*, en feminino. Evidentemente, na proposta interpretativa é obrigada a emenda por *seynos*, demandada polo sentido e o contexto, mais habendo na edición de Monteagudo proposta crítica e semidiplomática non debería deixar de mencionarse a anomalía de copia nesta última nin tampouco a emenda realizada na lectura crítica. A segunda e terceira correccións son de maior alcance, pois aféctanlle ao contido do poema.

Lembremos como edita Monteagudo os dous últimos versos:

que ja doutra tal ten o estormento  
e omes enno poder *seu*, eu **seynos** de cento.

Na miña opinión, e sen entrar en máis detalles, rompen co sentido do fio expositivo do poema. Se se segmenta <ten\_o> asígnaselle a función de suxeito a «aquela que é alta e forte ben como estrela» e non é defendible que ela sufra o tormento senón todo o contrario: é ela quen o provoca. É preferible, ao meu modo de ver, non segmentar <teno> e considerar que se trata da P1 do presente do indicativo do verbo *tēer*. Aparece con esta mesma grafía –a nasal palatal representada mediante <n>– na composición XII (*e por onde for, señora, direy | que so*

5 A hipótese de transmisión de Monteagudo é que o achado é unha copia, probablemente do primeiro terzo do xv, que remitiría a un orixinal de finais do xiv. Véxase Monteagudo (2013: 52).

*vosso ben eu querrey viver, | porque teño <teno> esforço de vós me fazer | todo prazer e bon gasallado*). Hai outro argumento, fundamental, en favor da miña proposta. O borrón neste verso está sobre unha palabra ignorada polo editor mais que, se se lle presta a debida atención, é de lectura doada: <eu>, o mesmo que aparece limpo no verso seguinte e que si é lido correctamente. É, sen dúbida, o suxeito inequívoco do <teno> mencionado. Feitas estas correccións, fica na escena lírica un poeta, Joan Garcia, que ao lle ser pedida opinión sobre os padecementos do amor, conta, en primeira persoa, que coñece, de seu, esa mesma experiencia no trato recibido doutra dama de actitude e comportamento idénticos.

A outra corrección, no último verso, supón modificar drasticamente a cadea <poder *seu*, eu>, coa que resolve Monteagudo a proposta de lectura dun fragmento afectado, como dixeran antes, por un borrancho de tinta. A forma do posesivo, como indica o feito de estar en cursiva, é adenda do editor, que a considera necesaria para o sentido e, quizais tamén, para o cómputo silábico ou a estrutura acentual. Tanto unha como o outro quedan intactos, e o posesivo deixa de ser necesario, se a palabra que se ve afectada polo borrón é lida como <pecado> no canto de <poder>. Ambas son palabras con máis rexistros no cancionero e non teño dúbida de que, a nivel paleográfico, a palabra parcialmente oculta polo borrón comparte realización cos *pecado* de V (2v [p. 190], 4 casos) e de VIII (4v [p. 194]), e non cos *poder* de X (5r [p. 195]), XVI (8r [p. 201]) e XXI (10v [p. 206]). Por outra parte, non ten moito sentido, por moito que se queira dar creto a unha expresión marcadamente hiperbolizante, que unha dama poida ter no seu poder centos de homes. Si, no entanto, que nese «pecado» da coita, en abstracto, poidan estalo tan masivamente. En resumo, propoño a seguinte lectura para eses dous versos finais:

que ja doutra tal **eu teño** estormento  
e omes enno **pecado**, eu seynos de cento.

Establecido o texto, volvo ao fío principal, o da morfoloxía histórica. A aparición deste, ata o momento, primeiro rexistro, veu demostrar que a nosa desconfianza por non ser *-ou* o ditongo non tiña moito fundamento. Trátase dun ditongo palatal, de xeito que a hipotética primacía cronolóxica do contexto velar carece de base. Quizais poida ter sentido, no establecemento da cronoloxía relativa deste cambio morfolóxico, a anterioridade en contexto de ditongos homorgánicos (*-ou*; *-ei*) e a súa propagación posterior a contexto de ditongos heterorgánicos (*-ai*, *-au*, *-eu*, *-iu*, *-oi*, *-ui*). Non me parece unha opción moi arriscada se se ten en conta que todos os casos anteriores ao século XIX, aínda sendo poucos, remiten a contexto de

ditongo homorgánico. Cos datos dos que dispoñemos, pouco máis se pode dicir sobre este particular.

A achega do *Cancioneiro de Afonso Pérez* pode parecer exígua en valor, pois é un só caso. Mais é ben distinta a apreciación se se un sitúa no planos xeográfico e cronolóxico. Neste último parécenos plenamente convincente a cronoloxía proposta por Monteagudo: finais do século XIV ou comezos do XV (pp. 51-53). No plano bioxeográfico non se teñen evidencias que permitan reconstruír a identidade do poeta nin a súa área territorial de procedencia. Con todo, ao figurar no arquivo de depósito xuntamente con documentos de Lopo García de Toar, notario real, datados en 1433-1434 e redactados «ëna villa de Ferrol» (doc. 2, p. 176), podemos supoñer, con certo fundamento, que era da parte norte do golfo ártabro. Outros indicios aos que se refire por extenso Monteagudo, como a relación estreita cos Andrade, sinalan a ese mesmo espazo xeográfico. En conclusión, a nivel xeográfico este rexistro supón a presenza do alomorfo innovador no golfo ártabro a finais do século XIV ou comezos do XV, douscentos anos antes que nas terras de Ourense e douscentos cincuenta anos antes que en terras de Compostela. Postos estes lugares no mapa dialectal actual deste fenómeno, trárase entre eles unha liña que atravesa practicamente todo o territorio ocupado actualmente pola alomorfía nasal:




FIG. 2. ALGA 2, MAPA 174 (DEIXOUNO). AS ISOGLOSAS E OS PUNTOS DE REPRESENTACIÓN MEDIEVAL SON ACHEGA NOSA



Son consciente de que, aínda con esta nova e importante achega, non é posible abordar cun mínimo de seguranza as interpretacións cronolóxica e espacial. Sen outros datos ou rexistros que fagan máis mesta a rede de apoios á elaboración dun modelo de difusión cronoxeográfica desta alomorfía, non debemos caer no simplismo de facer coincidir xeografía e cronoloxía dos rexistros paralelamente. Facelo así levaríanos a postular unha difusión norte > sur. Sendo isto posible, certamente, os datos tampouco contradín a posibilidade de se tratar dunha difusión centro > periferia ou mesmo dunha xénese dupla norte~sur e unha posterior difusión cara ao centro do territorio, no cal se encontrarían e fusionarían as zonas orixinarias, permanecendo á marxe as áreas marxinais do territorio. O relevante, na miña opinión, é que en douscentos anos o territorio afectado adquirira unha grande dimensión e que nel xa estaban incluídos, a finais do século XVII, todos os núcleos poboacionais importantes da Galiza da altura, coa única excepción de Tui.

E rematarei poñendo énfase, novamente, na importancia deste achado para o estudo da morfoloxía histórica dos clíticos. É evidente que a historia das alomorfías do clítico CD P3 supuxo a posta en marcha dun complexo proceso de cambios dos que os correspondentes á alomorfía nasal non son máis que unha parte e, dentro deles, os producidos en contexto verbal posditongal unha parte aínda menor. Abordar ese complexo cambio continúa a ser un dos maiores desafíos da historia dos clíticos. Por obra de Afonso Pérez, nese empeño xa hai unha dificultade menos, no ámbito da cronoxeografía.

## Referencias bibliográficas

- ALGA 2 = Constantino GARCÍA (dir.); Antón SANTAMARINA (dir.); Rosario ÁLVAREZ BLANCO, (coord. e inv.); Iris COCHÓN OTERO (red.); Francisco DUBERT GARCÍA (red.); Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (red.); Francisco FERNÁNDEZ REI (coord. e inv.); Rosario ÁLVAREZ BLANCO (inv.); Manuel GONZÁLEZ GONZÁLEZ (inv.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II. Morfoloxía non verbal*. A Coruña; Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1980): *O pronome persoal en galego*. 2 vols. Tese de doutoramento (inédita) presentada na Universidade de Santiago de Compostela.
- BILEGA = Francisco GARCÍA GONDAR (dir.) (1994-): *Bibliografía de lingüística galega*. Santiago de Compostela: CIRP. <<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>>.
- CIGM = Ramón MARIÑO PAZ (ed.) (1995): *Corpus Informatizado do Galego Medio*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [Recurso non publicado.]



- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FERREIRO, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacementa. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña [monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*].
- MONTEAGUDO, Henrique (2013): *En cadea sen prijon. Cancioneiro de Afonso Paez. Poesía galega postrobadoresca (1380-1430ca.)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- SOUTO CABO, José António (1996): *A História de dom Servando. Edição do manuscrito e estudo*. Tese de doutoramento presentada na Universidade de Santiago de Compostela. [Editada posteriormente como *A Historia de don Servando*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. / Seminario de Estudos Galegos, 2007].
- TMILG = Xavier VARELA BARREIRO (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- XELMÍREZ = Xavier VARELA BARREIRO (dir.) (2008-): *Xelmírez. Corpus lingüístico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://sli.uvigo.es/xelmirez/>>.